

CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO XUVENIL MIXTO

Tempada 2015 – 2016. Circular 15-47.

1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube. Devandito caso virá condicionado polo Sistema de competición Modelo 6.

1.2.- Poderán participar ademais, clubs non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función de las posibilidades de organización. Os clubs de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.

1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Water-polo.

1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.5.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 1998 e posteriores en categoría masculina e feminina.

2.- Inscripcións

2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego xuvenil.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- Calendario

3.1.- Celebrarase un campionato segundo calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicáranse oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

3.2.- El club organizador deberá disponer de piscina en la jornada del sábado y domingo por si se diese el caso de necesitar ambas.

4.- Sistema de xogo

4.1.- O sistema de xogo a empregar quedará supeditado ao número de equipos inscritos. Para conseguir unha maior celeridade á hora de concretar que sistema de xogo se empregará en cada tempada achéganse os modelos para o coñecemento de todos os clubs galegos.

No caso de inscribirse só tres equipos, o sistema de competición será en formato liga (A-B; A-C; B-C)

En el caso de inscribirse más de 4 equipos el campeonato se celebrará en 2 jornadas el mismo fin de semana, con eliminatorias el sábado y semifinal y final el domingo.

4.2.- En todos os partidos e en todos os sistemas de competición, acabarase cun vencedor (sen posibilidade de empate).

4.3.- En todos os partidos e en todos os sistemas de competición, acabarse cun vencedor (sen posibilidade de empate).

4.4.- Xogarase conforme á Normativa Xeral de Wáter-Polo.

4.5.- No caso de que nun Sistema de Xogo existisen 2 opcións distintas a empregar, a FEGAN será quen decida que sistema de xogo a empregar.

4.6.- O sorteo celebrarase no campionato anterior, no caso de que sexa o primeiro campionato en disputarse, o sorteo celebrarase na sede da FEGAN, comunicando previamente a data e hora do mesmo.

5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión do campionato e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

6.2.- O equipo Galego vencedor será o que teña dereito a disputar o Campionato de España Xuvenil.

A Coruña, 2 de outubro de 2015.

Secretaría Xeral FEGAN